

**CONCELLO DE
SANTIAGO**

DIRECCIÓN DE ÁREA


PERSOAL E CONTRATACIÓN

INFORME TÉCNICO

O 14 de maio de 2014 procedeuse a apertura do sobre nº 2 que contén a proposta económica e a oferta relativa aos criterios de adxudicación availables mediante cifras ou porcentaxes para a licitación do Contrato de Servizo de asistencia xurídica ó Concello de Santiago de Compostela (CON/8/2014).

Os criterios recollidos no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares para o cálculo da oferta económica (cl. 10.2.1) son similares aos contidos no prego que rixiu a contratación 226/2009, en relación co cal se emitíu con data 22 de decembro de 2010 un informe técnico, acollido pola mesa de contratación e que serviu de base para a adxudicación. Unimos ao presente informe como documentos anexos tanto o referido prego (Doc. Núm. 1) como o informe técnico (Doc. Núm. 2), entendendo que ten o valor de precedente ao efectos do disposto no artigo 54.1.c) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Igualmente, a mesa de contratación reuníuse con data 28 de xullo de 2014 co obxecto de recibir as explicacións en relación cos criterios e interpretacións para a elaboración do informe. A mesa deu por recibidas as referidas explicacións e, con posterioridade á súa celebración, se elabora o presente informe técnico -que non pode asinar a dirección de área de desenvolvemento urbano sostible por encontrarse vacante e a dirección de Facenda, Orzamentos e Informática, por encontrarse de vacacións- en relación cos referidos



CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

1.- Oferta económica: Ata 50 puntos

O prego establece calcular a baixa ponderada, con arreglo á formula que establece, sobre as tarifas do Ilustre Colexio de Abogados de Santiago de Compostela, vixentes desde o 22 de decembro de 2008.

En caso de presentarse a baixa por tramos, tal e como calculouse polo informe técnico precedente, “esta baixa será a mínima, xa que por non dispor do número de casos dos procesos Contenciosos-Administrativos, considerouse a rebaixa máis desfavorable na escala presentada polos ofertantes para facer o cálculo da baixa ponderada”. Polo tanto, o cálculo da baixa ponderada para cada unha das ofertas é o seguinte:

ADVOCATUM, S.C.

$$Bp = 0,10 \times 45 + 0,10 \times 45 + 0,40 \times 51 + 0,40 \times 51 = 4,5 + 4,5 + 20,4 + 20,4 = \underline{49,80\%}$$

MARTÍN GÓMEZ ABOGADOS, S.L.U.

$$Bp = 0,10 \times 60 + 0,10 \times 20 + 0,40 \times 20 + 0,40 \times 20 = 6 + 2 + 8 + 8 = \underline{24,00\%}$$

LEGÁLITAS ASISTENCIA LEGAL, S.L.


$$Bp = 0,10 \times 35 + 0,10 \times 35 + 0,40 \times 40 + 0,40 \times 40 = 3,5 + 3,5 + 16 + 16 = \underline{39,00\%}$$

DASILVA&CRIADO, AVOGADOS

$$Bp = 0,10 \times 55 + 0,10 \times 40 + 0,40 \times 45 + 0,40 \times 45 = 5,5 + 4 + 18 + 18 = \underline{45,50\%}$$

DELOITTE ABOGADOS, S.L.

$$Bp = 0,10 \times 40 + 0,10 \times 40 + 0,40 \times 25 + 0,40 \times 30 = 4 + 4 + 10 + 12 = \underline{30,00\%}$$



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

ROIBÁS E GONZÁLEZ-CONCHEIRO 4, U.T.E.

$$Bp = 0,10 \times 50 + 0,10 \times 50 + 0,40 \times 99 + 0,40 \times 50 = 5 + 5 + 39,6 + 20 = \underline{\underline{69,60\%}}$$

LANDWELL PRICEWATERHOUSECOOPERS TAX & LEGAL SERVICES, S.L.

$$Bp = 0,10 \times 35 + 0,10 \times 35 + 0,40 \times 35 + 0,40 \times 35 = 3,5 + 3,5 + 14 + 14 = \underline{\underline{35,00\%}}$$

E, en consecuencia, o cálculo da puntuación de cada oferta económica é o seguinte:


OFERTA	BAIXA POND.	P = 50 x (B/Bmax)	PTOS. OFR. EC.
Advocatum	49,80	50 x (49,80/69,60)	35,78
Martín Gómez	24,00	50 x (24,00/69,60)	17,24
Legálitas	39,00	50 x (39,00/69,60)	28,02
Dasilva&Criado	45,50	50 x (45,50/69,60)	32,69
Deloitte	30,00	50 x (30,00/69,60)	21,55
Roibás e González-C.	69,60	50 x (69,60/69,60)	50
PWC	35,00	50 x (35,00/69,60)	25,14

2.- Melloras de balde: Ata 10 puntos

O Prego establece valorar a elaboración dunha base de datos actualizada de todos os asuntos encomendados, que se explicará detallando a súa valoración económica; valorando cunha puntuación máxima de 10 puntos a aquela oferta que supoña unha repercusión económica máis favorable para o Concello, e valorándose as restantes de xeito directamente proporcional.

ADVOCATUM, S.C.

Detalle da súa valoración económica: $100\text{€}/\text{mes} (100\text{€} \times 24 \text{ meses} = 2.400\text{€})$



CONCELLO DE SANTIAGO

MARTÍN GÓMEZ ABOGADOS, S.L.U.

Detalle da súa valoración económica: 5.245,35€ + 2.173,42€ (= 7.418,77€)

LEGÁLITAS ASISTENCIA LEGAL, S.L.

Non detalla a súa valoracion económica.

DASILVA&CRIADO, AVOGADOS

Non presenta oferta de melloras de balde.

DELOITTE ABOGADOS, S.L.

Detalle da súa valoración económica: 8.050,00€

ROIBÁS E GONZÁLEZ-CONCHEIRO 4, U.T.E.


Detalle da súa valoración económica: 9.500,00€

LANDWELL PRICEWATERHOUSECOOPERS TAX & LEGAL SERVICES, S.L.

Detalle da súa valoración económica: 60.000,00€

Consecuentemente, a puntuación por este apartado de melloras de balde é a seguinte:

OFERTA	VALORACIÓN EC.	PROPORCIÓN. DIR.	PTOS. MELLORA
Advocatum	2.400€	4,00%	0,4
Martín Gómez	7.418,77€	12,36%	1,23
Legálitas	Non detalla	-	0
Dasilva&Criado	Non presenta	-	0
Deloitte	8.050,00€	13,41%	1,34
Roibás e González-C.	9.500,00€	15,83%	1,58
PWC	60.000,00€	100%	10



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Polo que a puntuación final das ofertas é a seguinte, tomando como base os criterios de adxudicación detallados no prego:

OFERTA	PTOS. OFERTA EC.	PTOS. MELLORA	PUNTUACIÓN
Advocatum	35,78	0,4	36,18
Martín Gómez	17,24	1,23	18,47
Legálitas	28,02	0	28,02
Dasilva&Criado	32,69	0	32,69
Deloitte	21,55	1,34	22,89
Roibás e González-C.	50	1,58	51,58
PWC	25,14	10	35,14

A vista do anterior, proponse á Mesa de Contratación que a empresa ROIBÁS E GONZÁLEZ-CONCHEIRO 4, UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS LEI 18/1982 DE 26 DE MAIO sexa a adxudicataria do Servizo de asistencia xurídica ó Concello de Santiago (Exp. CON/8/2013) coas características sinaladas na súa oferta.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2014

O director de área de Personal e Contratación,



Á MESA DE CONTRATACIÓN DO EXP. CON/8/2013.



Documentado CON - Negocio de Contratación de Obras e Servicios 04 - PLAZA		
Declarado	Expediente	Fecha
CONTRALU	CCN/226/2009	28-11-09 12:44

Sello o Garantía da Medida

ATTESTAMOS NUESTRA DE VILLA DE SANTIAGO
CON EL CERTIFICADO DE
CONCEJALIA - SECRETARIA
DEL GOBIERNO LOCAL
26-11-2009

ítericos, conforme ao establecido na alícuota 4.2 do presente prego, así como que se atopan habilitadas para realizar a prestación que constitúa o obxecto do contrato con anexo á licitación de Estado de procedencia, nos termos establecidos no artigo 47 da LOCP.

6. ORZAMENTO DE LICITACIÓN (art. 76 e 276 LOCP)

6.1.- O orzamento máximo anual de licitación, con incluir o IVE que deberá superar a Administración, fíxase en 84.745,76 eurofaño.

Este contrato non superará durante o seu período de exclusividade ó subxudicamento para a representación en nome do Concello de Santiago.

O IVE correspondente (10% dos orzamentos anteriores a soportar pola Admón.) ascende a 16.947,14 eurofaño.

7. EXISTENCIA DE CRÉDITO ORZAMENTARIO (art. 28.1.k LOCP e 87.2.d RG)

Existen o crédito orzamentario previsto para atender ás obligacións económicas que se derivan da contratación, con cargo á partida orzamentaria 12100 26711

No caso de tráctales de carácter plurianual, de conformidade co establecido no artigo 174 do Decreto-Legislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e o artigo 78 e seguintes do Decreto 500/80, o gasto queda subordinado ó crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.

8. REVISIÓN DE PREZOS (art. 77 e ss. LOCP).

Non procede.

9. DURACIÓN DO CONTRATO, PRAZO DE EXECUCIÓN (art. 23, 127 e 270 LOCP)

9.1.- O contrato terá un prazo máximo de execución de DOIS ANOS, a contar desde o día que se establece no contrato, salvo que a esa terminación se declareza de intención, en cuxo caso a súa execución comenzará desde a data en que, unha vez adjudicado o contrato, se constituya a garantía definitiva correspondente. (art. 86.2.c LOCP)

O contrato poderá ser prorrogado por acordo expreso do órgano de contratación por un prazo máximo de outros dous anos máis, dentro da primitiva obligatoriedade para o empresario, no empare do disposto no art. 23.2 LOCP.

ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

10. PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN (art. 28.4, 134, 141 e 144 LOCP)

 CONCELLO DE SANTIAGO	<p>DIRECCIÓN: DGAI - Negocio da Contratación de Obras e Servicios CÓDIGO: PL0024</p> <p>ÓRGANOS: DGA CONSELLERIA - SECRETARÍA DA XUNTA DE GOBIERNO LOCAL</p> <p>FECHA: 20-11-2014</p> <p>CONTRATISTAS:</p> <p>CONTRATADO: </p> <p>FECHA: 20-11-2014</p>	<p>Sello o Certificación Atómica:</p> 
--	---	--

10.1.- A efectos de determinar a publicidade e o procedemento de adjudicación, o valor estimado de contratación a realizar, incluídas as posibles próximas (art. 23.2 LCSP) e non incluir o IVA que deberá soportar a Administración, acude a 386.892,04 euros.

10.2.- O contrato adjudícase, mediante procedemento abierto, tomando como bases os criterios de adjudicación que se detallan na cíntula seguinte:

1.- Oferta económica: até 60 puntos

Otorgaranse 60 puntos á oferta máis vantaxosa, que será aquela que teña a maior baixa ponderada respecto dos criterios orientadores e cuestos referenciais das actuacións profesionais do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela. A puntuación do recto das ofertas calcularase de reito directamente proporcional.

Tenran en conta a seguinte ponderación:

Tarifa v/ Penal : 10%

Tarifa v/ Civil : 10%

Tarifa v/ Laboral : 40%

Tarifa v/ Contencioso-Administrativo: 40%

Cálculo:

Sexan Tfp, Tfc, Ttl e Tta as tarifas Oficiais dos procesos Penal, Civil, Laboral e Contencioso Administrativo e Tfp, Tcc, Ttl y Tta as tarifas ofrecidas polos concorrentes.

1. Cálculo Baixo Ponderada

Calculáñase as baixas ponderadas de todas as ofertas

$$Bpn = (0,10 \times Bfp) + (0,10 \times Bfc) + (0,40 \times Btl) + (0,40 \times Bta)$$

2. Cálculo Puntuación

Si Bpmo é a maior e polo tanto a baixa ponderada da mellor oferta, fan 60 puntos, e o recto de ofertas as calculan do seguinte xeito:


$Pn = 60 \times \left(\frac{Bpn}{Bpmo} \right)$, onde Bpn é a baixa ponderada de oferta a puntuar

2.- Calidade, dificultade, valor técnico e resultados na ejecución dos traballos anteriores valorando en especial os relacionados con Admistración Pública, en especial nos municipios considerados para organización especial prevista no título X da Lei de bases de rexión local "Máximo de organización dos municipios de gran poboación": Até 30 puntos.

3.- Medidas anti-crisis para o Concello, directamente relacionadas co obxecto do contrato, que se expresarán detallando a súa valoración económica: Até 15 puntos. Valórense coa puntuación máxima de 15 puntos a oferta que conteña as melloras con maior repercusión económica para o Concello, valorándose as rectificacións de recto inversamente proporcional.

11. GARANTÍA PROVISIONAL

No acordo co establecido no artigo 81.1 da LCSP os licitadores non deberán constituir garantía provisional.



CONCELLO DE
SANTIAGO

399

INSPECCIÓN TÉCNICA
SERVICIOS/TRANSPORTES/MEDIO AMBIENTE

INFORME TÉCNICO

O 16 de decembro de 2010 procedeuse a apertura do sobre nº 3 que contén a proposta económica e a oferta relativa aos criterios de adxudicación avaliables mediante cifras ou porcentaxes para a adxudicación do Contrato de Servizo de asistencia xurídica ó Concello de Santiago de Compostela (CON/226/2009).

A empresa ofertante ROIBÁS E GONZÁLEZ-CONCHEIRO 3 UTE, compre co requisito mínimo sinalado no artigo 4.2 do Prego que dí: "*Ter sido, nos últimos cinco anos, titular dun contrato de análogas características ó definido neste Prego, en calquer Administración pública, xa sexa local, autonómica ou estatal, obtido tras resultar adjudicatario nun proceso de licitación público, mediante procedemento aberto.*

Acredita a sua solvencia técnica esixida no Prego coa presentación do compromiso de adscribir á execución do contrato os medios personais e materiais suficientes, unha oficina aberta en Santiago, a descripción do equipo técnico participante no contrato coa súa titulación académica e profesional, os traballadores e equipo directivo durante os últimos tres anos, e os equipos e medios auxiliares adscritos ao contrato.

As especificacións anteriores traducense no seguinte:

Como equipo directivo

- Partícipes na UTE: *2 Licenciados* en dereito co seu currículum
- Colaboradores: *2 Licenciados* en dereito e *1 Licenciada* en Ciencias Económicas

Oficina en Santiago

- Despacho de 107 m² na rúa Ramón Piñeiro

Equipos Informáticos:

- Hardware: 4 ordenadores PC de sobremesa e 4 Portátiles
- Accesos individuais a Internet por ADSL e 6 contas de correo electrónico
- Software: Entorno Windows XP, navegador Explorer, correo Outlook, antivirus Norton
- Equipos multifunción (Impresoras, fax, scanner, fotocopiadoras)



490

CONCELLO DE SANTIAGO

INSPECCIÓN TÉCNICA SERVICIOS/TRANSPORTES/MEDIO AMBIENTE

Otros Medios :

- Certificados de firma dixital
- Recursos bibliográficos en soporte informático e soporte papel.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

1.- Oferta económica: Ata 50 puntos

O prego manda calcular a baixa ponderada, polo tanto

$B_p = 0,10 \times 90 + 0,10 \times 90 + 0,40 \times 90 + 0,40 \times 60 = 9 + 9 + 36 + 24 = 78\%$ sobre as tarifas do Ilustre Colexio de Abogados de Santiago de Compostela, vixentes desde o 22 de decembro de 2008. Esta baixa será a mínima, xa que por non dispor do número de casos dos procesos Contencios-Administrativos, considerouse a rebaixa más desfavorable na escala presentada polos ofertantes para facer o cálculo da baixa ponderada.

Como é a unica oferta e consecuentemente a mellor, correspondelle 50 puntos


2.- Calidade dos traballos anteriores : Ata 30 puntos

O Prego manda valorar especialmente os relacionados coas administracións Públicas e dentro destas os rexidos pola organización especial que lles corresponde aos de grandes cidades. Como os dous integrantes da UTE foron avogados do Concello de Santiago dende o ano 2001 en virtud dos concursos adxudicados a esta UTE en agosto de 2001 e xullo de 2005, o valor técnico do seu traballo pódese considerar merecedor dos 30 puntos.

3.- melloras relacionadas: Ata 15 puntos

O Prego manda valorar as que representen unha maior repercusión económica para o Concello sen custe económico algúin.

A UTE oferta as seguintes melloras:



CONCELLO DE
SANTIAGO

INSPECCIÓN TÉCNICA
SERVICIOS/TRANSPORTES/MEDIO AMBIENTE

- Realización de cursos anuais de formación para funcionarios, que versarán sobre os diversos tipos de procedementos xudiciais e a súa relación coa Administración Local. A valoración dos cursos é de **3.000 euros**.
- Ofrece unha economista experta en contabilidade de administración local, para asesorar e informar aos servizos económicos do Concello. A súa valoración é de **6.000 euros** por ano de contrato, pero se estima que non é obxecto do contrato e non se usará, polo que a valoración como mellora é de **0 euros**.
- Non facturar os servizos dos asuntos seguidos polo procedimento abreviado ante a Xurisdicción Contencioso-administrativa e sen intervención de procurador. A renuncia ao cobro dese 20% dos honorarios do xuízo supón un aforro de **6.000 euros** por ano.
- Elaboración e entrega ao Concello dun informe trimestral especificando os asuntos que se levaron ata ese momento, aqueles que recaiu sentencia e o senso da mesma. Tamén realizará informes non relacionados directamente con procedimentos xudiciais en curso, a proposta do Concello, sobre cuestiós de interese municipal. No seu conxunto, a valoración de tódolos informes é de **6.000 euros** por ano.

Consecuentemente, a valoración deste apartado é de **15 puntos**.

A vista do anterior, proponse á Mesa de Contratación que a empresa ROIBÁS E GONZÁLEZ-CONCHEIRO 3, UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS LEI 18/1982 DE 26 DE MAIO sexa a adjudicataria do Servizo de asistencia xurídica ó Concello de Santiago coas características sinaladas na súa oferta.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2010

O Inspector técnico de Servizos e Transportes

Asd.: Luis Alberto López García